

## COMUNICADO DA PLATAFORMA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

### A PLATAFORMA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO DE GALICIA REXEITA AS AVALIACIÓNS DE 3º E 6º DE PRIMARIA DA LOMCE.

Moitas comunidades autónomas non van facer estas avaliacións, tal como están deseñadas na LOMCE, pero a Consellería de Educación decidiu realizar as probas de avaliación LOMCE de 6º os días 11, 12 e 13 de maio e as de 3º os días 24 e 25 coa oposición de todos os sectores da comunidade educativa. Fai así, unha vez máis seguidismo e obediencia do goberno central.

As probas de sexto vanse facer de forma inmediata, coa mesma precipitación que se está a facer todo en educación dende que comezou o desenvolvemento da LOMCE. Séguense ao pé da letra os cuestionarios de contexto e os indicadores comúns de centro para a avaliación final de Educación Primaria establecidos polo Ministerio, cuestionarios sesgados que obvian cuestións que poderían ser desfavorables para as políticas educativas do goberno, tales como as que se refiren ao número de alumnado por aula, ou á situación da saúde, alimentación, pobreza... Responde a unha visión da educación determinada, e probablemente enfocada a alumnado de máis idade. (Algunhas preguntas son idénticas ás que fai PISA a alumnado de 15 anos).

1

Todo o alumnado de 3º e 6º ten que facer a proba de avaliación. Iso significa que, 22.000 alumnos e alumnas de 6º de primaria, sufrirán 3 días de probas para avaliar competencias, por profesorado externo ao centro, que xa estarán avaliadas polo profesorado do propio centro. Este feito constitúe un desprezo absoluto e unha desautorización á avaliación continua que os profesores realizan día a día nas aulas.

Pola presión unánime do conxunto da comunidade educativa galega, a Consellería de Educación emitiu unha folla "*informativa*" dirixida ás familias na que sinala que "non terá valor académico" e que non farán "*ranquins de centros*" cos resultados obtidos. Nós rexeitamos esta Nota que pretende "*tranquilizar*" ás familias, e que non coincide co imperativo legal establecido na LOMCE, no seu artigo 20.2 e o documento do MECD, que baixo o título "Marco Xeral", insiste en que "se terá especialmente en conta o resultado da proba individualizada", (reválidas).

Si o que di a Consellería fora certo, e tomara a decisión de non cumprir o mandato legal, entón para que se fan? Que aportan? Que rendimento se obtén destas probas? Realmente, son necesarias?

A Consellería de Educación da Xunta de Galicia, aínda non ten publicado as Ordes de Avaliación de Primaria, nin de Secundaria. Que o resultado da reválida poida formar parte do expediente académico do alumnado, pode estar agochado nestas Ordes non publicadas e que o serán, posiblemente, o último día, tal e como vén demostrando esta administración educativa, que segue a gobernar sen consenso e ás costas da comunidade educativa, alumnado, familias e profesorado.

Queremos aclarar moitas dúbidas que lles xorden ás familias sobre a proba de 6º, que é nova:

- **QUE SE AVALÍA?**

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática
- Competencia en ciencias e tecnoloxía

Isto envía unha mensaxe á sociedade, infravalorando o resto das materias e competencias (artísticas, físico deportivas...).

- **PARA QUE SERVE?**

Pedagoxicamente para nada, segundo confirma a Dirección Xeral da Consellería na devandita circular. En todo caso para clasificar ao alumnado e para establecer un ranquin de centros, que pode ser publicado en calquera momento. A avaliación debe ser continua, global e formativa. O profesorado, titores e equipos docentes dos CEIP que imparten docencia a este alumnado, ten suficientes instrumentos para facer esta avaliación sen necesidade de recorrer a probas externas. Por descontado, as familias teñen perfecto coñecemento da evolución dos seus fillos e fillas, no marco da acción titorial profesor/familias, que forman a unidade pedagóxica fiable, e non unha proba puntual dun día e realizada por profesorado alleo ao alumno ou alumna.

2

- **SON OBRIGATORIAS?**

A consellería afirma que son obrigatorias, pero isto non quere dicir que as familias poidan decidir que os seus fillos non as fagan. Existen dúas formas de evitar facela. Unha é non enviar aos nenos e nenas ao centro os días das probas. E a outra é envialos e, ao abeiro do artigo 154 do código civil, solicitar que non se lles pasen as probas. Non ten ningunha consecuencia negativa para o alumnado porque aparecerá como non presentado. Proba disto é o resultado da non asistencia ás probas de terceiro de EP o ano pasado. A *Confederación Galega de ANPAs de Centros Públicos*, (CONFAPA), a través das catro federacións provinciais, remite un xustificante-tipo para que se facilite ás familias que decidan non presentar aos seus fillos para así non expolos aos riscos destas reválidas.

- **FORMAN PARTE DO EXPEDIENTE ACADÉMICO DO ALUMNADO?**

Sen ningunha dúbida. A normativa establece que, se o alumnado cambia de centro, o resultado das probas se envía co seu expediente. Esa nota, en caso

de ser negativa, pode ter consecuencias indesexables e non explicitadas, no tránsito do alumnado no cambio de etapa.

- **TEÑEN EFECTOS PARA A PROMOCIÓN DE CURSO?**

Si. Tanto a LOMCE como as instrucións da proba establecen que, se o resultado da avaliación é desfavorable, poderán dar lugar a medidas tanto ordinarias como extraordinarias (repetición de curso). É contradictorio o declarado pola Consellería de Educación na mencionada circular ás familias coa letra, inequívoca, da LOMCE.

Desde a Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia queremos manifestar que a resolución pola que se regulan e ditan instrucións para a aplicación destas probas non recolle a posibilidade de realización das probas noutras datas de non asistir o alumnado ás mesmas, polo que se podería entender que do mesmo xeito que nas probas de terceiro do ano pasado, o alumnado figuraría como "NON PRESENTADO".

A Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia esixelle á Administración educativa galega que impugne e paralice a realización destas probas por invasión competencial, por inútil e antipedagóxica, e trasladamos o noso apoio e solidariedade a todas as familias que se neguen a permitir a realización das probas aos seus fillos.

Dende a Plataforma apoiamos as decisións das familias, convocadas por CONFAPA, para non realizar unhas probas ilexítimas e que poden ter efectos indesexables no expediente académico do alumnado. Chamamos as familias a adoptar unha posición informada, activa e coherente co obxectivo da formación integral dos seus fillos e fillas, do alumnado galego, evitándolles a angustia e o estrés dunha proba, que en sexto, ten unha duración de 7 h e 40 minutos, e que pode ter efectos nocivos, tanto no ámbito académico e na felicidade/infelicidade dos rapaces.

3

Tamén facemos un chamamento ao profesorado para que colaboren coas familias que decidan que os seus fillos e fillas non fagan a proba.

A Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia, ao igual que o conxunto da comunidade educativa, esixe a paralización da reválida, anima as familias a resisitirse diante dunha proba inútil e antipedagóxica, derivada dunha lei infame, e insta á paralización da LOMCE e á súa inmediata derogación.

As organizacións integradas nesta Plataforma quedamos a disposición do profesorado e familias para calquera consulta ou aclaración.

**NON AS REVÁLIDAS  
PARALIZACIÓN DA LOMCE.  
DEROGACIÓN DA LOMCE.**